# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 15025645 | IES Ricardo Carvalho Calero | Ferrol | 2024/2025 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación secundaria obrigatoria | Música | 3º ESO | 2 | 70 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 4 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 7 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 18 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 18 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 19 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 20 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 21 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 21 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 22 |
| 7.2. Actividades complementarias | 23 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 24 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 26 |
| 9. Outros apartados | 26 |

## 1. Introdución

O IES Ricardo Carvalho Calero conta con ao redor de 301 alumnos procedentes da área periférica, así como de varias parroquias do ámbito rural dos concellos de Ferrol e Narón. Ambos concellos, de 64.785 e 38.913 habitantes, respectivamente, forman parte da comarca de Ferrolterra, integrada por once concellos, no Norte da provincia da Coruña. A actividade económica dos concellos de Ferrol e Narón céntrase no sector industrial e servicios, e en menor medida á pesca e agricultura. No centro, que presenta características de zona urbana e periurbana, conviven alumnos pertencentes á ESO, Bacharelato, dous cursos de PFFP Básica (1º e 2º) e Formación Profesional (ciclos Medio e Superior de Peiteado e Estética). O claustro do centro está formado por ao redor de 38 profesores. A materia de Música será impartida durante o Curso 2024-2025 polas profesoras Mónica Julías Piñeiro, Ruth Miguel Díaz (Educación Plástica) e María Mónica García Velasco, Xefa do departamento. Materias impartidas polo Departamento:
2º de E.S.O.: Música (2 horas semanais). 1 grupo (un total de 25 alumnos/as). Profesora: Ruth Miguel Díaz.
3º de E.S.O.: Música (2 horas semanais). 1 grupo (18 alumnos/as). Profesora: María Mónica García Velasco.
María
1º de Bacharelato: Coro e Técnica Vocal I (4 horas semanais). 1 grupo:15 alumnos/as pertencentes ao grupo de Artes Escénicas/A (un total de 22 alumnos/as). Profesora: Mónica Julías Piñeiro.
1º de Bacharelato: Linguaxe e Práctica Musical (4 horas semanais). 1 grupo formado por 13 alumnos/as. Profesora: María Mónica García Velasco.
1º de Bacharelato: Análisis Musical I (4 horas semanais). 1 grupo integrado pola totalidade dos alumnos/as do grupo de Artes/A (22 alumnos/as). Profesora: María Mónica García Velasco.
2º de Bacharelato: Coro e Técnica vocal e Coro II (4 horas semanais). 1 grupo:11 alumnos/as pertencentes ao grupo de Artes Escénicas/A (un total de 17 alumnos/as). Profesora: Mónica Julías Piñeiro.
2º de Bacharelato: Análisis musical II (4 horas semanais). 1 grupo: 17 alumnos/alumnos. Profesora: María Mónica García Velasco.
2º de Bacharelato: Historia da Música e da Danza (4 horas semanas). 1 grupo formado por 7 alumnos/as. Profesora: María Mónica García Velasco.

A programación didáctica da materia de Música correspondente ao Curso Terceiro de ESO pretende a planificación da aprendizaxe para favorecer a adquisición das competencias específicas asociadas á consecución dos obxectivos do ensino básico a ás competencias clave establecidas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018, obedecendo a un deseño definido pola aprendizaxe baseada na práctica que lle permita ao alumnado experimentar a música e mais a danza. A programación ten a súa fundamentación no desenvolvemento das capacidades e as competencias adquiridas nos cursos anteriores e o afianzamento dos contidos aprendidos previamente polo alumnado. Pola outra parte, na programación se recolle a vinculación evidenciada ao longo da historia, da Música, que, polas súas características supera a propia individualidade artística cara a outros campos do coñecemento, ademáis das manifestacións escénicas da danza ou o teatro, ao tempo que potencia o desenvolvemento de capacidades como a comunicación oral e escrita, o pensamento matemático ou o coñecemento tecnolóxico e científico, a través das conexións con outras materias como Educación Plástica, Visual e Audiovisual (análise da linguaxe audiovisual), Xeografía e Historia (contexto histórico e cultural), Lingua Castelá (relacións texto-música, expresión escrita e oral), Linguas Extranxeiras (relacións texto-música, terminoloxía musical), Educación Física (desenvolvemento da psicomotricidade, técnicas de respiración e colocación da voz, adecuación da postura corporal, traballo de coreografías), Física e Química (calidades físicas do son e da súa transmisión, acústica e grabacións sonoras), Matemáticas (análisis de proporcións métricas e rítmicas, estructuras musicais) e Tecnoloxía (ferramentas e aplicacións dixitais para a reprodución sonora e visual).
A programación preténdense adecuar aos cinco obxectivos da materia: 1. Analizar obras de diferentes épocas e culturas identificando as súas principais características estilísticas e establecendo relacións co seu contexto, para valorar o patrimonio musical e dancístico como fonte de gozo e de enriquecemento persoal. 2. Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas musicais e dancísticas, a través de actividades de improvisación, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver un criterio de selección das técnicas máis adecuadas á intención expresiva. 3. Interpretar pezas musicais e dancísticas xestionando adecuadamente as emocións e empregando diversas estratexias e técnicas vocais, corporais ou instrumentais, para ampliar as posibilidades de expresión persoal. 4. Crear propostas artístico-musicais, de xeito individual ou grupal, empregando a voz, o corpo, instrumentos musicais e ferramentas tecnolóxicas para potenciar a creatividade e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional. 5. Coñecer, valorar e respectar o patrimonio artístico e musical de Galicia e da contorna, a través das achegas relevantes na cultura e na sociedade galegas, para apreciar a importancia do noso acervo dentro dos procesos de globalización.
A materia de Música, entendida como ciencia, expresión artística e linguaxe e medio de comunicación, resulta, polo

tanto, imprescindible para a comprensión da nosa realidade histórica e social, xa que forma parte do noso patrimonio cultural. Ao mesmo tempo, a súa triple dimensión determina a súa presencia na base de procesos de comunicación actuais e manifestacións audiovisuais e dixitais da nosa cotidianidade, moi presentes na vida do noso alumnado. Resulta fundamental, polo tanto, o seu acercamento desde unha posición crítica, e simultánea á recepción como fonte de pracer e á utilización como vehículo para favorecer a súa creatividade. É máis, a Música contribúe ao desenvolvemento do ser humano de manera integral, nas súas vertentes intelectual e emocional, que esixen unha postura aberta e reflexiva. No acercamento á Música como parte do noso patrimonio histórico e cultural a partir das principais características estilísticas de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, se esixe unha actitude baseada nos valores de apertura, interese, axuizamento crítico e respecto á diversidade, ao tempo que se evidencia a importancia de aspectos cognitivos como a análise, a memoria e a capacidade de relación no recoñecemento das conexións coas manifestacións máis importantes na contextualización de cada repertorio estudado. Así mesmo, a expresión persoal de emocións e sentimentos está intrinsicamente unida ao afianzamento da autoestima, da sensibilidade e a inclusión a partir do goce da experiencia musical. Na experimentación con distintas posibilidades expresivas de diferentes técnicas musicais e dancísticas, a través de actividades de improvisación coa voz, o corpo, os instrumentos musicais e as ferramentas tecnolóxicas potenciamos a creatividade e a expresión de ideas, emocións e sentimentos e contribuímos ao desenvolvemento de aspectos cognitivos relacionados coa atención, a percepcíón, a análise, a memoria, a concentración, o axuizamento crítico, etc., xunto con aspectos como a autonomía, o espíritu emprendedor, a toma de decisións, o esforzo, a perseveranza, unidos ao traballo colaborativo, o respecto cara á diversidade, e o reforzo da autoestima, que favorecen a inclusión. Na práctica interpretativa vocal e instrumental se desenvolven aspectos físicos como a respiración, a colocación da voz, a psicomotricidade (posición do corpo, lateralidade, dixitación, etc.), xunto con outros relativos á expresividade e xestión emocional e a valores como o respecto á diversidade, a empatía, o esforzo, a autonomía, o espíritu emprendedor, o compromiso, a toma de decisións, o traballo colaborativo en grupo, a inclusión e o reforzo da autoestima. Desde o punto de vista cognitivo, está intrinsecamente relacionada coa memoria, a atención, a percepción, a análise, etc. A creación de propostas artístico-musicais e dancísticas individuais e grupais, empregando a voz, o corpo, os instrumentos musicais e as ferramentas tecnolóxicas analóxicas e dixitais de maneira individual ou grupal, contribúe ao desenvolvemento, cara ao desenvolvemento persoal, social, académico e profesional, da creatividade e a expresividade persoal de emocións e sentimentos, o emprendemento persoal, a planificación de tarefas, a selección e achega de recursos, o traballo colaborativo, o compromiso, a responsabilidade e o respecto á diversidade, ao tempo que nela se evidencian aspectos cognitivos como a atención, a análise, o axuizamento crítico, etc., aos que súmanse os relacionados co desenvolvemento físico implícito na interpretación práctica: psicomotricidade, respiración e control da voz, etc. No coñecemento, valoración e respecto do patrimonio artístico e musical de Galicia e da contorna, imprescindibles para apreciar a importancia do noso acervo cultural dentro dos procesos de globalización, a identificación dos elementos propios da linguaxe musical que conforman o repertorio en conexión coas características históricas e sociais esixe o desenvolvemento de aspectos cognitivos como a análise, a memoria, etc., á vez que unha actitude de apertura e axuizamento crítico, e favorece a expresión, a sensibilidade e o reforzo da autoestima a partir do goce da nosa música. Na programación, os contidos e os criterios de avaliación articúlanse en tres bloques necesarios para a consecución dos obxectivos da materia: "Escoita e percepción" (criterios de avaliación e contidos indispensables para desenvolver o concepto de identidade cultural e o achegamento do patrimonio musical e dancístico como fonte de inspiración e coñecemento das posibilidades da arte e como medio de expresión de sentimentos e emocións.a través da exposición a diferentes propostas audiovisuais), "Interpretación, improvisación e creación escénica" (enfocados á aprendizaxe e uso de conceptos clave da linguaxe musical, para a expresión do alumnado a través do seu corpo e dos instrumentos musicais, no marco dun espazo dinámico e baseado no traballo en proxectos grupais, nos que se desenvolven aspectos como o respecto, a responsabilidade, o compromiso, a perseveranza, etc.) e "Contextos e culturas" (centrados na aproximación global e ordenada aos diferentes estilos e xéneros musicais máis representativos do patrimonio musical. ao longo da historia, realizados e interpretados tanto por mulleres coma por homes, e que forman parte de noso patrimonio cultural.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Analizar obras de diferentes épocas e culturas identificando as súas principais características estilísticas e establecendo relacións co seu contexto, para valorar o patrimonio musical e dancístico como fonte de gozo e de enriquecemento persoal. | 2-3 | 3 | | 1-2 | 3 | 1 | | 1-2 |
| OBX2 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas musicais e dancísticas, a través de actividades de improvisación, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver un criterio de selección das técnicas máis adecuadas á intención expresiva. | 1 | | | 2 | 1-3 | 1 | 3 | 3 |
| OBX3 - Interpretar pezas musicais e dancísticas xestionando adecuadamente as emocións e empregando diversas estratexias e técnicas vocais, corporais ou instrumentais, para ampliar as posibilidades de expresión persoal. | 1 | | | 2 | 1-3 | 1 | 1 | 3 |
| OBX4 - Crear propostas artístico-musicais, de xeito individual ou grupal, empregando a voz, o corpo, instrumentos musicais e ferramentas tecnolóxicas para potenciar a creatividade e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional. | 1 | | 3 | 2 | 3 | 1 | 1-3 | 3-4 |
| OBX5 - Coñecer, valorar e respectar o patrimonio artístico e musical de Galicia e da contorna, a través das achegas relevantes na cultura e na sociedade galegas, para apreciar a importancia do noso acervo dentro dos procesos de globalización. | 1-2 | 2-3 | | 1 | 1-3 | 1 | 3 | 1-2-3 |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | A Música na Antigúedade e na Idade Media | Música na Idade Antigua. Cronoloxía, etapas e contextualización histórica e cultural. Música na Antigüedade Clásica: Grecia e Roma. A Música no contexto histórico e cultural: Música e educación, filosofía, teatro e outras manifestacións artísticas. Autores e repertorios instrumental e vocal. Música na Idade Media. Cronoloxía, etapas e contextualización dos repertorios relixioso e profano ao longo da Idade Media. Relacións | 15 | 10 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | A Música na Antigúedade e na Idade Media | con outras manifestacións artísticas. O canto Gregoriano. A monodía profana: trovadores, troveros e minnesänger. A polifonía: formas e evolución: inicios da polifonía, Escuela de Nôtre-Dame, Ars Antiqua, Ars Nova. Autores e obras principais. Instrumentos medievales. | 15 | 10 | X | | |
| 2 | A Música no Renacemento | Música no Renacemento. Cronoloxía, etapas e contexto histórico e cultural da Música no Renacemento. Características xerais constructivas e estilísticas. Relacións con outras manifestacións artísticas. Música vocal religiosa: elementos construtivos e formas (motete, Misa, coral). Generacións francoflamencas, Polifonía da Reforma (o coral), Polifonía de la Escuela Romana o Escola do Concilio de Trento-Contrarreforma. Autores e obras principais. Música vocal profana: as escolas nacionais: Italia (madrigal), Francia (chanson). Autores e obras principais. Música instrumental: formas elementos construtivos e formas principais musicais e dancísticas. Instrumentos e agrupacións renacentistas. Autores e obras principais. A música en España: músicas vocais e instrumentais. Autores e obras principais | 15 | 10 | X | | |
| 3 | A Música no Barroco | Música no Barroco. Cronoloxía, etapas e contexto histórico e cultural. Barroco I, Barroco II e Barroco III. Características xerais constructivas e estilísticas da música barroca. Relacións con outras manifestacións artísticas. Música vocal relixiosa: elementos, formas (motete, cantata, oratorio, Pasión, Misa), autores e obras principais. Música vocal profana: a ópera, a cantata profana, a zarzuela. Autores e obras principais. A música instrumental: elementos, formas (sonata, suite, concerto, fuga, etc.), instrumentos e agrupacións. | 15 | 10 | X | X | |
| 4 | A Música no Clasicismo | Música no Clasicismo. Cronoloxía, etapas e contexto histórico e cultural. Preclasicismo. Clasicismo vienés. O Clasicismo en España. Características xerais construtivas e estilísticas da Música no Clasicismo. Relacións con outras manifestacións artísticas. Música vocal relixiosa: elementos construtivos, formas principais, autores e obras máis representativas. Música vocal profana: elementos construtivos, formas, autores e composicións principais. A Música instrumental: elementos construtivos, formas (sonata, cuarteto e outras formas de cámara, sinfonía), autores e obras máis | 15 | 10 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 4 | A Música no Clasicismo | representativas | 15 | 10 | | X | |
| 5 | A Música no século XIX | Música no século XIX. Cronoloxía, etapas e contextualización histórica e cultural da Música ao longo do século XIX. Romanticismo, Posromanticismo e Nacionalismos. Ultrarromanticismo. Características xerais construtivas e estilísticas da Música no século XIX. Relacións con outras manifestacións artísticas. Música instrumental: elementos construtivos, formas (pezas breves e virtuosísticas, sonata, formas camerísticas, sinfonía, poema sinfónico, ballet, etc.), autores e composicións más representativas. Música vocal profana: elementos construtivos, formas (Lied, ópera, zarzuela: etapas e estilos), autores e composicións máis representativas. A Música relixiosa: elementos construtivos, formas, autores e obras máis representativas. | 15 | 10 | | X | X |
| 6 | A Música nos séculos XX-XXI | Cronoloxía, características e representantes do Impresionismo. Cronoloxía, características e autores do Expresionismo e Dodecafonismo. Cronoloxía, características e representantes do Neoclasicismo. Principais correntes musicais logo de 1945 e os seus principais representantes: Música Concreta, Serialismo Integral, Música Electrónica e Electroacústica Música Aleatoria, Música Textural, Música Estocástica e outras correntes. | 15 | 10 | | | X |
| 7 | Outras músicas | Música de España, Galicia e outras culturas. Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical galego occidental e doutras culturas | 10 | 10 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | A Música na Antigüedade e na Idade Media | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento. | Identificar os trazos estilísticos máis importantes da música e danza da época traballada. | PE | 60 |
| CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural. | Identificar as funcións das manifestacións musicais relacionándoas cos feitos históricos e culturais . | | |
| CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición. | Ler partituras sinxelas con ou sen audición identificando os elementos básicos. | | |
| CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais. | Comentar as propostas musicais traballadas no período. | | |
| CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais. | Recoñecer os aspectos comúns de música de distintas épocas e culturas. | | |
| CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas. | Recoñecer os aspectos estilísticos básicos de músicas de distintos contextos e épocas. | | |
| CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural. | Expoñer as funcións da música relacionándoas co contexto histórico e cultural. | | |
| CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición. | Interpretar as adaptacións das obras propostas deste período. | TI | 40 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza. |
| - Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións. |
| - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. |
| - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. |
| - A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical. |
| - Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade. |

| Contidos |
| --- |
| - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas.<br>- Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.<br>- Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia.<br>- Principais composicións musicais de cada período histórico. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 2 | A Música no Renacemento | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
| --- | --- | --- | --- |
| CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento. | Recoñecer os trazos estilísticos máis importantes da música e danza da época. | PE | 60 |
| CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural. | Identificar as funcións das manifestacións musicais relacionándoas cos feitos históricos e culturais . | | |
| CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición. | Ler partituras sinxelas con ou sen audición identificando os elementos básicos. | | |
| CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais. | Comentar as propostas musicais traballadas no período co vocabulario apropiado. | | |
| CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais. | Recoñecer os aspectos comúns de música de distintas épocas e culturas. | | |
| CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas. | Recoñecer os aspectos estilísticos básicos de músicas de distintos contextos e épocas . | | |
| CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural. | Expoñer as funcións da música relacionándoas co contexto histórico e cultural. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición. | Interpretar as adaptacións das obras propostas deste período. | TI | 40 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza. |
| - Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións. |
| - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. |
| - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. |
| - A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical. |
| - Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade. |
| - Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. |
| - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. |
| - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas. |
| - Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións. |
| - Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia. |
| - Principais composicións musicais de cada período histórico. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | A Música no Barroco | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento. | Recoñecer os trazos estilísticos máis importantes da música e danza da época. | PE | 60 |
| CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural. | Explicar as funcións da música relacionándoas coas características principais. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición. | Identificar elementos básicos da lenguaxe musical nas partituras propostas deste período. | | |
| CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais. | Comentar con vocabulario axeitado as propostas da unidade. | | |
| CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais. | Relacionar as características da época proposta coa actualidade. | | |
| CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas. | Identificar os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e danzadas da época. | | |
| CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural. | Recoñecer as conexións entre a música e danza da época co seu contexto histórico e cultural. | | |
| CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición. | Participar con acerto nas interpretacións propostas para esta unidade. | TI | 40 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza.<br>- Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións.<br>- Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.<br>- Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade.<br>- A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical.<br>- Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade.<br>- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas.<br>- Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.<br>- Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia.<br>- Principais composicións musicais de cada período histórico. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | A Música no Clasicismo | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento. | Recoñecer os trazos estilísticos máis importantes da música e danza da época. | PE | 60 |
| CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural. | Recoñecer as funcións da música relacionándoas coas características principais. | | |
| CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición. | Ler con partituras sinxelas identificando os elementos básicos da linguaxe musical. | | |
| CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais. | Comentar as propostas da unidade cun vocabulario axeitado. | | |
| CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais. | Recoñecer as funcións da música relacionándoas coas características principais e a época actual. | | |
| CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas. | Recoñecer os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e danzadas de diferentes épocas | | |
| CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural. | Establecer vínculos entre manifestacións musicais e danzadas e o seu contexto histórico. | | |
| CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición. | Participar con acerto nas interpretacións propostas para esta unidade. | TI | 40 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza.<br>- Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións. |

| Contidos |
|---|
| - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.<br>- Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade.<br>- A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical.<br>- Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade.<br>- Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.<br>- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.<br>- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas.<br>- Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.<br>- Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia.<br>- Principais composicións musicais de cada período histórico. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | A Música no século XIX | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento. | Recoñecer os trazos estilísticos máis importantes da música e danza da época. | PE | 60 |
| CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural. | Explicar os vínculos entre manifestacións musicais e dancísitcas coas características máis importantes e os feitos históricos principais. | | |
| CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición. | Ler partituras identificando os elementos básicos da linguaxe musical. | | |
| CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais. | Comentar con vocabulario axeitado as propostas da unidade. | | |
| CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais. | Recoñecer as funcións da música relacionándoas coas características principais e o repertorio anterior e actual. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas. | Recoñecer os aspectos básicos de estilo de obras musicais e dancísticas de épocas distintas con actitude de respecto | | |
| CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural. | Establecer vínculos entre as producións musicais e dancísticas máis importantes e os feitos históricos principais. | | |
| CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición. | Interpretar as adaptacións das obras propostas deste período. | TI | 40 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza. |
| - Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións. |
| - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. |
| - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. |
| - A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical. |
| - Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade. |
| - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas. |
| - Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións. |
| - Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia. |
| - Principais composicións musicais de cada período histórico. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | A Música nos séculos XX-XXI | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento. | Recoñecer os trazos estilísticos máis importantes da música e danza da época traballada. | PE | 60 |
| CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural. | Establecer vínculos entre as funcións do repertorio estudado coas características máis importantes dos feitos históricos principais. | | |
| CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición. | Ler partituras identificando os elementos musicais básicos. | | |
| CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais. | Comentar cun vocabulario axeitado as propostas da unidade. | | |
| CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais. | Establecer vínculos entre músicas e danzas doutras épocas e a actualidade. | | |
| CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas. | Identificar os aspectos estilísticos de obras musicais e dancísticas cunha actitude respectuosa na escoita ou visionado das propostas musicais da unidade. | | |
| CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural. | Recoñecer as funcións da música relacionándoas coas características principais. | | |
| CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición. | Participar con acerto nas interpretacións propostas para esta unidade. | TI | 40 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza.<br>- Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións.<br>- Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.<br>- Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade.<br>- A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical.<br>- Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade. |

| Contidos |
|---|
| - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas.<br>- Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.<br>- Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia.<br>- Principais composicións musicais de cada período histórico. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 7 | Outras músicas | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Establecer conexións entre manifestacións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, valorando a súa influencia sobre a música e a danza actuais. | Establecer vínculos entre manifestacións musicais e dancísticas de distintas épocas a través das súas características máis importantes | PE | 60 |
| CA1.6 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto. | Recoñecer os trazos estilísticos máis importantes da música e danza do patrimonio galego. | | |
| CA2.3 - Relacionar manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos, recoñecendo a súa influencia sobre a música e a danza actuais. | Establecer vínculos das características máis importantes e os feitos históricos principais. | | |
| CA3.4 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto. | Recoñecer os trazos estilísticos máis importantes da música e danza da época traballada. | | |
| CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas cales se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas. | Participar con iniciativa nas actividades de improvisación propostas. | TI | 40 |
| CA2.2 - Expresar ideas, sentimentos e emocións en actividades pautadas de improvisación, seleccionando as técnicas máis adecuadas de entre as que conforman o repertorio persoal de recursos. | Participar de forma activa nas actividades propostas de expresión a través da improvisación musical e dancística utilizando as técnicas traballadas | | |
| CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe. | Participar nas propostas de interpretación utilizando técnicas básicas traballadas. | | |
| CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición. | Interpretar música a través da lectura de partituras, recoñecendo cada elemento da linguaxe musical | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.6 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración. | Interpretar con corrección obras propostas. | | |
| CA2.7 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais como colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais. | Desenvolver con creatividade propostas artístico musicais. | | |
| CA2.8 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubrindo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional. | Participar na planificación e realización a partir de propostas musicais e dancísticas | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza.<br>- Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións.<br>- Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.<br>- Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas.<br>- Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza.<br>- Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración.<br>- Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais.<br>- Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade.<br>- Principais xéneros musicais e escénicos do patrimonio cultural, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.<br>- Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.<br>- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.<br>- Técnicas de improvisación guiada e libre.<br>- Proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas.<br>- A propiedade intelectual e cultural: formulacións éticas e responsables. Hábitos de consumo musical responsable.<br>- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas.<br>- Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores e editores de partituras.<br>- Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia require unha metodoloxía práctica mesturada coa aprendizaxe teórica. Para traballar a parte práctica e produción musical usaremos metodoloxías cooperativas e colaborativas principalmente, xa que se fará interpretación en conxunto.
Tamén contaremos con metodoloxía de aprendizaxe baseado en proxectos: Presenta ó alumnado situacións complexas con vistas a que intenten resolvelas de forma creativa, estimulando a imaxinación, a creatividade e a aplicación das súas propias experiencias.
No tratamento dos contidos teóricos da materia buscarase un aprendizaxe por descubrimento, seguindo a premisa de "aprender facendo".
Ademáis do anterior, as directrices metodolóxicas a seguir nesta programación son as seguintes:
- A planificación do ensino faise en base a vivir a experiencia da música a través da aprendizaxe dos contidos, da interpretación, da creación e da escoita activa de distintas propostas artísticas.
- Os criterios de avaliación están directamente relacionados cos obxectivos propostos, é dicir, superar con éxito os criterios de avaliación amosa o grao de adquisición destes obxectivos por parte do alumnado.
- Diseñaranse diferentes situacións de aprendizaxe que incluirán procedementos diversos para traballar os contidos, cunha visión global, na que os novos coñecementos aprendidos completen e conecten cos coñecementos previos do alumnado e teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe que coexisten no contexto da aula, así como a atención á diversidade, propoñendo sempre mecanismos de reforzo para as dificultades que se detecten.
- Terase en conta e farase destacable a través dos contidos transversais a importancia da relación entre a materia de Música e outras materias: Relixión (repertorio de todas as épocas), Filosofía (conexións Música/Filosofía ao longo do tempo), Educación Fisica (coidado da voz, técnicas de respiración, psicomotricidade, relacións música/expresión corporal, danza e xogos musicais, etc.), Física (Acústica, relacións interválicas melódicas y armónicas, instrumentos musicais e manipulacións de onda sonora, repertorios musicais: policoralismo, músicas espaciais, soundcape, etc.), Matemáticas (proporcións rítmicas, estruturas formais, composicións isorrítmicas, estocásticas, fractais, etc.), Educación Plástica, Visual e Audiovisual (relacións coas artes plásticas e audiovisuais, etc.), linguas e Literatura (conexións texto/significado/estrutura/melodía, semioloxía e semiótica, etc.), Historia (relacións co contexto histórico-cultural), Tecnoloxía ( Organoloxía, Música Concreta, Música Electrónica, Música Estocástica, etc., editores de partituras, secuenciadores, etc.), etc.
- Promoverase nas distintas unidades o traballo en equipo e a capacidade emprendedora, a realización de proxectos colaborativos, onde se poidan aplicar técnicas de reforzo da autoestima, da autonomía, da reflexión e da meditación sobre o grao de responsabilidade de cada un no conxunto do proxecto.
- Utilizaranse distintos tipos de actividades: introductorias ou de presentación dos contidos, de fomento da experiencia musical activa, de desenvolvemento e consolidación, de avaliación, de reforzo e recuperación e de ampliación dos contidos nos casos que sexa necesario.
- Por último destacar os principios metodolóxicos nos que se basea esta programación como son a práctica e a motivación, a interrelación entre contidos e materias, a aprendizaxe significativa e funcional, a creatividade, a atención personalizada, a actitude analítica e a socialización.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Instrumentos dotación de aula |
| Plataformas dixitais: Aula virtual e Edixgal |
| Ferramentas dixitais (programas de edición de audio e partituras, etc.) |
| Materiais do Repositorio Abalar |
| Colección de libros, Cds e outros materiais do departamento a disposición do alumnado |

Instrumentos habituais das dotacións de aula: Orff, pequena percusión, teclado etc.
Todos os recursos e actividades que pon á disposición a aula virtual do centro e plataforma Edixgal. Material do Repositorio Abalar que se pode descargar e utilizar na Aula Virtual.
Programas de edición de partituras e audio.
Libros, apuntes, partituras, material fotocopiable facilitado pola profesora.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial é o procedemento básico para comenzar o proceso de aprendizaxe e terá por obxecto averiguar os coñecementos musicais e dancísticos previos que aprendeu e lembra o alumnado do curso anterior. A profesora fará emprego de varias ferramentas fundamentais para a avaliación inicial:
- No principio do curso, logo da presentación da asignatura, o primeiro día o alumnado cubrirá unha enquisa na que poderá responder sobre cales son os seus coñecementos previos de música, se realiza estudos musicais regrados o como actividade extraescolar, etc.
- Poderá facilitar ao alumnado durante o primeiro mes do curso fichas sobre traballos pequenos e concretos a través das que coñecerán o nivel dos alumnos en aspectos como: lectura musical, comprensión auditiva, escritura musical, capacidade de síntese, ortografía, presentación dos escritos, recoñecemento de conceptos o palabras clave nun texto, uso de procedementos adecuados para acadar o resultado do traballo, grado de aprehensión das competencias básicas, actitudes (amosadas ante a petición do traballo), capacidade de abstracción, etc.
- Durante as primeiras sesións faránse probas prácticas e/ou escritas (dependendo da apreciación do profesor), sobre os contidos que os alumnos deberían coñecer, para poder apreciar posibles carencias do alumno en particular e do grupo en xeral. Nas diferentes probas iniciais, calificaráse a cada alumno en particular, pero tamén farase unha valoración do grupo en xeral. Esto permitirá tomar as decisións sobre aqueles conceptos que precisen ser reforzados, e ou que tipo de actividades futuras son máis convenientes para os alumnos. Realización de distintas probas:
1. Poderase levar a cabo unha proba escrita onde se inclúan parte dos contidos teóricos mínimos da materia de Música. Para determinar o nivel de coñecementos a proba obedecerá recollerá respostas breves dos contidos básicos da música en relación á linguaxe musical e á historia da música. A proba escrita inclúe a análise dunha partitura breve. O alumnado identificará e describirá todos os elementos que recoñece nela. Procurarase ter os resultados desta primeira proba antes da avaliación inicial do curso, que normalmente estase a facer a finais do mes de outubro.
2. Proba práctica: as primeiras semanas se traballará repertorio vocal e instrumental de 2º da ESO e se avaliarán os seguintes aspectos:
- Lectura e interpretación musical: ritmo, alturas, etc., a través das súas habilidades psicomotrices coa realización de exercicios rítmicos ou percusión corporal, práctica instrumental, etc. Con esta tarefa comprobaremos as destrezas motrices aplicadas á rítmica, á memoria harmónica e melódica e ao sentido do pulso. Ademais o profesorado procurará observar o trato que o alumnado ten co material: verase se o alumno o leva a clase con regularidade, se o coida, se o ten marcado e identificado, etc.
- Audición: avaliaremos a capacidade auditiva, mediante o recoñecemento e distinción de diferentes elementos musicais nas audicións (ritmo, textura, timbre dos instrumentos, etc.).
Con estas actividades de avaliación o alumnado informaranos sobre os coñecementos previos que posúe e o grao de asimilación. Para avaliar as actividades prácticas usaremos táboas de indicadores específicas con diferentes items que reflictan as capacidades psicomotrices, rítmicas, auditivas e interpretativas do alumnado. Outras cuestións como as destrezas na danza ou o manexo da tecnoloxía irémolas avaliando nas sucesivas unidades.

Á luz dos resultados da avaliación inicial decidiremos aplicar a programación tal e como foi deseñada ou realizar as correspondentes e necesarias adaptacións. Dos resultados obtidos do anterior apartado se poderán tomar 2 tipos de medidas:
- Medidas colectivas: Avanzar na dificultade das obras interpretadas ou no caso contrario repaso das obras do curso anterior.
- Medidas individuais: establecer actividades complementarias de repaso ao alumnado co precise e partituras e traballos máis avanzados para aqueles que superen claramente os contidos propostos para 3º curso, principalmente no referente aos contidos prácticos. Isto está relacionado con o xeito xa comentado na contextualización da presente programación da diversidade de niveis musicais entre o noso alumnado, especialmente destacada nalgúns grupos.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 15 | 15 | 15 | 15 | 15 | 15 | 10 | 100 |
| Proba escrita | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 |
| Táboa de indicadores | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 |

**Criterios de cualificación:**

Debido a que a materia é altamente procedimental os criterios de cualificación serán os seguintes:
1. Contidos teóricos: puntuarase de 0 a 10 as actividades de avaliación dos contidos de cultura musical, da análise de partituras, das audicións comentadas e dos contidos teóricos da linguaxe musical, sendo logo un 60% da nota final.
O exame escrito contará con algunhas preguntas tipo test e outras de redacción, explicación de contidos e de análise de audicións ou partituras. Farase un exame trimestral, puidendo nalgunhas unidades realizar exames parciais e facer a media entre todas as probas de avaliación escritas do trimestre.
O exame teórico poderá ser adaptado segundo os casos de necesidades educativas especiais ou atención á diversidade especificados e acordados co departamento de orientación e os informes pertinentes presentados polas familias.

2. Contidos prácticos: puntuaranse de 0 a 10 as actividades de interpretación instrumental ou vocal, exercicios prácticos de lectura rítmica/melódica, traballo na aula e na casa, os traballos a presentar, etc sendo logo un 40% da nota final.
A parte práctica avaliarase mediante táboas de indicadores ou rúbricas.
En relación á interpretación instrumental hai que ter en conta os diferentes niveis do alumnado, polo que o profesorado facilitará no posible as medidas necesarias para aquel alumnado que o precise (dispoñibilidade horaria no recreo, adecuación das partituras ao nivel, etc.).

O aprobado da materia acádase cunha puntuación mínima de 5 e é imprescindible ter tpdas e cada unha das tres avaliacións aprobadas cunha puntuación mínima de 5.

O Departamento de Música establece de acordo ás directrices marcadas pola CCP e o proxecto curricular de Bacharelato, os sistemas de avaliación para os alumnos que non se presenten a calquera dos exames da asignatura: se a falta é xustificada, o alumno realizará outro exame. En caso contrario, non poderá realizarse, polo que contabilizará como un 1 á hora de realizar a media. No caso de ser o alumno sorprendido no acto de copiar no transcurso do exame, se contabilizará a proba coa calificación de 1, a efectos de realizar posteriormente a media.

Cando a nota de cada avaliación ou final dea números con decimáis, se estes están por debaixo de 0.5 tenderase a nota enteira inferior, e se están por enriba de 0.5 tenderase a nota enteira superior, por exemplo, se a media é de 7.3 a nota será 7; se a media é 7.7 a nota será 8.

**Criterios de recuperación:**

O alumnado que acade unha cualificación inferior a 5 deberá recuperar a materia. O profesor pode deseñar actividades de apoio ou reforzo dos contidos teóricos e/ou prácticos da materia non superados. Serán deseñadas seguindo as pautas anteriormente descritas en ambos bloques de contidos. Estas actividades corresponderán aos contidos teóricos e prácticos non superados. Criterios de cualificación para a recuperación dos contidos teóricos e prácticos: - Realización dun exame escrito acerca dos contidos que debe recuperar. - Realización das probas prácticas correspondentes aos apartados que debe recuperar. Para recuperar a materia será necesario acadar unha cualificación de 5.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado coa materia pendente será informado a través de distintos medios da existencia dun curso na aula virtual para pendentes no cal o alumno/a está matriculado.
As persoas coa materia pendente do curso anterior realizarán as probas e traballos determinadas polo profesor. Deberá realizar as tarefas propostas entregadas polo profesor ou publicadas no curso virtual e presentalas en plazo, para que ao facelos poida recoñecer as súas dificultades e pedir axuda ao profesor, que os orientará, normalmente nos tempos de lecer, ao carecer de horario específico para facelo, tanto no caso do alumnado, como do profesorado.
Características dos traballos:
- Escoitar as audicións e resolver os cuestionarios entregados polo profesor.
- Cuestionarios e exercicios sobre cuestión teóricas.
- Realización de comentarios de texto de épocas diversas dentro do programa da materia.
- Realización e exposición de traballos sinxelos de investigación e elaboración dos mesmos en diferentes soportes: mural, Power Point, traballo escrito, etc.
- Elaboración de esquemas e cadros sinópticos dos temas tratados.
- Organizar información relativa a temas musicais extraída de Internet, prensa, tv, radio, etc.

A materia será avaliada en dúas probas que celebraranse nos meses de febreiro e maio. Ademáis de ter entregadas e avaliadas positivamente as tarefas propostas, os alumnos/as necesitarán obter unha cualificación mínima de 4 para superar cada exame. En caso de no ter entregadas todas as actividades ou no ser avaliadas positivamente, será necesario acadar unha nota media de 5 para recuperar a materia pendente. O alumnado que supere as probas en febreiro e maio terá superada a materia pendente.

Naqueles casos que se necesite, establecerase dacordo co departamento de orientación, un plan de reforzo e adaptación aos casos de necesidades específicas de apoio educativo e atención á diversidade, adaptando os contidos, os exames e incluso o tempo dado para resolver ditas probas segundo cada caso concreto, e establecendo recreos para solventar dúbidas e axudar a preparar a parte práctica instrumental e vocal.

## 6. Medidas de atención á diversidade

O departamento manteráse en contacto coa Orientadora para facer seguimento do alumnado do grupo e das necesarias medidas de atención á diversidade. Unha gran parte da materia é práctica, polo que faremos seguimento e reforzo a este alumnado e dedicaremos especial atención no desenvolvemento destes contidos (audicións, movemento, percusión corporal, seguimento rítmico, práctica instrumental e vocal). Neste sentido, a práctica musical favorece aspectos como a concentración, a coordinación, a sincronización, a psicomotricidade, etc., e facilita o reforzo da autoestima, a confianza, a expresividade, o traballo en grupo, o respecto e a inclusión destes alumnos, que determinan, asimismo, unha flexibilización no espazo e a secuenciación temporal adaptada ás súas necesidades. A elaboración de traballos, a participación en actividades musicais colectivas (coro, orquestra), a participación nas actividades de aprendizaxe incluídas no Contrato Programa, serven como estímulo e reforzo para a consecución dos obxectivos xerais de curso. Estudiaranse as circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguir e garantindo así os apoios necesarios. Para elo, a función da coordinación entre docentes, alumnado e familias é fundamental a través da titoría. A coordinación co Orientador/a e co titor/a é así mesmo esencial para a elaboración de estratexias e a adopción de medidas, así como a posible realización de adaptacións , programas de reforzo e adopción de medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo . Para a atención á diversidade do alumnado de educación secundaria obrigatoria estarase ao disposto na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.
Algunhas posibles ferramentas para organizar a atención á diversidade serán:
1. Organizar ao alumnado en diferentes agrupamentos nas actividades segundo os seus intereses e motivacións.
2. Utilizar materiais variados en ditas actividades: escritos, audiovisuais, etc.
3. Aplicar diversas técnicas e metodoloxías para explicar un mesmo contido.
4. Manter o contacto permanente con este alumnado a través de entrevista persoal e titorías coas familias para saber que parte da asignatura cóstalles máis seguir.
5. Ofrecerlle tempo extra para asimilar as explicacións (por exemplo algún recreo a semana para consultar dúbidas) e para resolver probas específicas.

Alumnado con dislexia: adaptación de exercicios e probas (tamaño de letra, espaciado, tipo de preguntas, etc.). Xa se fixo en cursos pasados con bos resultados. Ampliación do tempo de traballo e para realización de probas e examen (sobre un 25% máis).

Alumnado con TDAH: adaptación dos exames, ampliando o tamaño da letra, subraiando as palabras clave, entregándolle por separado cada pregunta do exame.

Alumnado de incorporación tardía ou inmigrante. Nestes casos, o traballo común do equipo con orientación e titoría tamén é fundamental. Será estudiado e abordado cada caso en concreto.
Recomendacións do Departamento de Música para proceder co alumnado estranxeiro:
- Dotación ao alumno/a dunhas pautas de traballo e normas de convivencia.
- Práctica dun bo modelo lingüístico e, polo tanto, non falar xesticulando ou subindo demasiado a voz; facer frases sinxelas, pronunciando con claridade, tentando non alterar as frases para facilitarlle a comprensión.
- Colaboración na pronuncia, de xeito que poida aprender por imitación, poñendo coidado en non cortar a comunicación.
- Facilitación da comunicación co novo alumno/a, facendo un esforzo por entendelo e que se faga entender, procurando que tamén se esforce, sen traducirlle todo.
- Respecto ao silencio do alumno/a e interpretación dos silencios coma un proceso natural.
- Aceptación dos frecuentes cambios de estado de ánimo e de ritmo de traballo, motivados pola adaptación á nova vida escolar.
- Orientación acerca de horarios, material de traballo,explicacións, etc.
- Orientación acerca das tarefas escolares que ten que facer.
É posible que o alumno/a teña necesidade de sentirse comprendido e apoiado/a. Quere entender, traballar e participar dunha forma normalizada e non sempre é capaz.

Alumnado repetidor: ao alumnado que repite curso faráselle un seguimento especial: estaremos atentos á súa evolución e desenvoltura nas actividades propostas na clase ou como tarefas para casa. Observaremos e avaliaremos o seu grao de implicación e de mellora respecto do curso anterior, alentándoos positivamente cada vez que participan e se esforzan nas tarefas e actividades de aula. É fundamental a actitude alerta e motivadora do docente para estimular unha mellora nos resultados académicos e, sobre todo, na autoestima deste alumnado. No departamento analizarase os seguintes apartados:
- Situación dos alumnos repetidores.
- Causas do fracaso escolar obtido no anterior curso.
- Análise da actitude do alumno na clase e a súa implicación, asistencia, atención, realización das tarefas encargadas, etc.
- Elaboración dun protocolo personalizado no que se faga constar comparativamente:
Cambios na actitude xeral do alumno
Cambios na organización do traballo
Cambios nos hábitos de estudo
Actividades para alumnado repetidor
A análise dos elementos anteriores permitirá ao departamento definir unha estratexia pedagóxica individual para cada alumno, que incida en aqueles aspectos particulares de cada alumno que foron motivo do fracaso escolar no curso anterior.

Alumnado de altas capacidades ou con coñecementos musicais superiores á media do grupo: na diversidade do grupo tamén encóntranse alumnos/as pertencentes a este apartado. Neste caso, as partituras a interpretar ao longo do curso serán adaptadas e permitirán a interpretación a distintos niveis de dificultade, polo que os alumnos/as que posúan coñecementos musicais superiores á media terán que realizar interpretacións máis axustadas e de maior grao de dificultade. Dependendo de cada caso, levarase a cabo unha atención individualizada e elaboraranse programas específicos de intervención.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Creatividade | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Autonomía | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Igualdade entre sexos | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X | X |

**Observacións:**

- Comprensión lectora: Traballarase principalmente través dos textos para aprender os contidos teóricos, os comentarios de textos de crítica e literatura. Tamén na lectura dos textos de obras musicais baseadas en poemas, libretos, etc. - Creatividade: traballarase a través da improvisación e a composición de obras propias de percusión corporal, etc., o uso de tecnoloxías e a creación de textos para musicalizar, así como a expresividade a través de coreografías de danza. - Autonomía: a realización de actividades de improvisación, creación de contidos e deseño e posta en marcha de proxectos desde o punto de vista individual e grupal. - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial: Actividades que implican creación de proxectos grupais. - Igualdade entre sexos: Utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas. - Consumo responsable: fomento do espírito crítico. A través da comprensión dos elementos que conforman a música e dos distintos estilos e xéneros musicais o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo musical responsable - Respecto mutuo: educación emocional e en valores. Actividades musicais grupais nas que é primordial respectar as producións musicais dos demáis e axudarse mutuamente para conseguir un son de conxunto. - Expresión oral e escrita: A través da redacción de textos explicativos e traballos de exposición oral como por exemplo explicar os parámetros que conforman o son, a forma dunha canción, a importancia do silencio na nosa saúde e nas nosas vidas, etc. - Competencia dixital e comunicación audiovisual:a través da creación de músicas con ferramentas dixitais e de eventos musicais que engloben non so música e danza, senón tamén propostas audiovisuais que as acompañen, creando así unha performance global.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Actuacións públicas en Nadal, Día do Libro, Día das Letras Galegas, ou final de curso | As pezas musicais traballadas ao longo do curso executaranse en público en Nadal e noutras datas sinaladas dentro do curso escolar | X | X | X |

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Asistencia como público a concertos didácticos | Propiciarase a asistencia do grupo concertos didácticos, para poñer en práctica as normas de comportamento aprendidas na clase, así como vivr a experiencia de escoitar música en directo. | X | X | X |
| Participación no proxecto da radio escolar | Participación na realización e difusión de programas musicais dentro da programación da radio escolar do centro | X | X | X |
| Participación en concertos didácticos | Participación no ciclo Concertos didácticos de órgano : actividad promovida polo Concello de Celanova e a Fundación Curros Enríquez dentro do programa "Ven a coñecer a Celanova de Curros e Celso Emilio" | | | X |

**Observacións:**

Dentro da programación da materia de Música a audición, a interpretación e a improvisación e composición constitúen catro vértices fundamentais para a consecución dos obxectivos da asignatura, e, polo tanto, determinan a selección das actividades complementarias e extraescolares. Ao longo do curso as actividades articularanse ao redor dos seguintes eixos: -No Curso 2022-2023 esperamos que se retome a oferta dentro das actividades programadas, das que se inscriben dentro da programación cultural da Fundación Abanca e de colaboracións con asociacións e grupos de intérpretes, profesores do Conservatorio de Música de Ferrol, etc. Para o presente curso académico levarase a cabo a selección dun número de audicións, correspondentes a ensaios xerais e concertos didácticos, segundo os criterios determinados pola adecuación aos contidos explicados na programación e a súa equiparación nos distintos niveis. Neste apartado tamén se inscribe a asistencia dos alumnos e alumnas aos concertos ofertados pola Sociedade Filarmónica de Ferrol, interpretados pola Orquesta Sinfónica de Galicia, a Orquesta Filarmónica de Galicia e os ofrecidos por outras agrupacións e intérpretes. -A execución, a improvisación e a composición e organización de proxectos musicais conforman unha prioridade no desenvolvemento da materia, pois é un dos obxectivos fundamentais. Unha selección das pezas traballadas ao longo do curso executaranse en público por distintas agrupacións instrumentais, que ofrecerán diversos concertos con motivo das celebracións de datas sinaladas como Nadal, Día do Libro, Día das Letras galegas, etc. Dentro deste apartado debemos destacar a participación do alumnado no ciclo Concertos didácticos de órgano de Celanova, actividade promovida polo Concello de Celanova. -Participación no proxecto da radio escolar: os alumnos e alumnas participarán na realización e difusión de programas musicais e podcasts dentro da programación da radio escolar. -Colaboración con outros departamentos.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Mal ou non acadado |
| Metodoloxía empregada |
| Regular ou mellorable |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Ben ou acadado |

| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| --- |
| Moi ben |

**Descrición:**

A Programación Didáctica debe estar sometida a unha continua revisión que permita establecer os mecanismos de mellora que se precisen. Ao longo do curso é necesaria a realización dun seguimento da programación didáctica, para poder adaptarse á realidade da aula. O profesor fará o proceso de análise e seguimento da programación na aula, adaptándose as necesidades dos alumnos, dedicando máis esforzo naqueles aspectos que precisen os alumnos en cada curso en concreto. Posteriormente o xefe do departamento e o resto dos profesores comentarán estas modificacións na reunión do departamento, para poder adaptarse e coordinar ás materias de música e conseguir a necesaria normalización dos contidos impartidos e a súa evaluación. A información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma, debería incluír unha valoración/avaliación dos estudantes, do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe, que pode realizarse a través dun cuestionario ou unha entrevista con cada alumno a final de curso. Estas modificacións quedarán reflexadas na acta da Reunión do Departamento de música.
Realizar o seguimento do cumplimento da programación permitirá:
- Establecer as medidas correctoras que a evaluación indica.
- Establecer mecanismos de coordinación para evitar discrepancias nos contidos impartidos e a súa evaluación, nos distintos cursos de música do mesmo nivel.
- Realizar os cambios necesarios como medio de mellorar a programación, co fin de beneficiar o ensino e aprendizaxe dos alumnos.

Aínda que esta avaliación teña carácter continuo concretamos a súa análise en tres momentos:
- Ao terminar cada Unidade Didáctica. Esta avaliación terá en conta se a planificación foi adecuada, recollerá as incidencias fundamentais, posibles aspectos de mellora, etc.
- Ao final de cada trimestre.
- Ao final do curso. Valoraranse os resultados da aprendizaxe dos alumnos, a formulación global da Programación Didáctica, os aspectos fundamentais da actuación do profesor no aula, posibles propostas de mellora, etc. Nesta avaliación terase en conta, por unha banda, a avaliacióndos resultados obtidos polos alumnos, mediante a reflexión sobre eses resultados, a comparación con outras materias, con outros grupos da mesma materia ou con outros grupos. Por outro, farase unha avaliación dos procesos de planificación e de desenvolvemento, facendo unha reflexión sobre os obxectivos, os estándares, a metodoloxía e a práctica da avaliación, de forma que se poidan corrixir distintos aspectos susceptibles de mellora durante todo o proceso de ensino: adecuación das actividades, secuenciación dos contidos, uso dos recursos, etc.

Os ítems avaliaranse mediante os indicadores sobre unha escala 1-4 (mal ou non acadado, regular ou mellorable no caso de que sexa acadado pero que se poida revisar e mellorar, ben ou acadado, moi ben).

Ítems a avaliar da propia programación e da práctica docente mediante rúbrica:
Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo (idoneidade das unidades didácticas propostas: se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de cualificación nestas e se contribúen realmente a acadar as competencias clave).
Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas.
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
Adecuación da secuenciación dos obxectivos para cada unha das unidades. , etc..
Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada obxectivo (a porcentaxe de alumnado que consegue os obxectivos).
Asignación a cada criterio do peso correspondente na cualificación.
Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.
Adecuación da secuencia de traballo na aula.
Adecuación dos materiais didácticos utilizados (comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TIC, etc.).
Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado.
Adecuación da proba de avaliación inicial.
Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.
Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.

Valoración dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación (se son útis e precisos, se os instrumentos de avaliación inclúen métodos cualitativo e cuantitativos, se se inclúen procedementos de recuperación, etc.).
Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos obxectivos.
Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación.
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
Grao de implicación dos estudantes no proceso de ensino-aprendizaxe (coñecen os obxectivos propostos, o repertorio e actividades parécenlles adecuados, coñecen os criterios de avaliación e cualificación, etc.).
Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

- Tido en conta o anterior, elaboración de propostas de mellora.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para o seguimento da programación, avaliación desta e propostas de melloras utilizaremos unha táboa de indicadores considerando os ítems expostos no punto anterior: "avaliación do proceso de ensino e práctica docente" , valorando para cada un deses ítems o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Así o procedemento de seguimento e avaliación da programación e da práctica docente farase mediante táboas de indicadores, ficha con preguntas a cubrir polo alumnado e entrevista persoal co alumnado.
A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento, faranse as correspondentes propostas de mellora.
Dito seguimento farase trimestralmente acordando en reunión de departamento os cambios a introducir na programación a través da aplicación proens en cada trimestre e a final de curso de cara ao ano seguinte.

## 9. Outros apartados